



### CONCELLOS

#### COSPEITO

##### Anuncio

1º Transcorrido o prazo de exposición ao público do Acordo provisional de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa polo servizo municipal de piscina municipal, adoptado por acordo do Pleno da Corporación en sesión celebrada o 21 de Marzo de 2024, e non sendo presentada, dentro do mesmo, reclamación algunha, elévase a definitivo dito Acordo de conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

2º o Acordo de modificación da referida Ordenanza que se recolle no texto anexo publicarase no Boletín oficial da Provincia, e entrará en vigor de acordo co establecido na súa disposición final.

3º de conformidade co establecido no artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, contra o presente acordo os interesados lexítimos poderán interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo da Provincia de Lugo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de publicación deste acordo e do texto integrado da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

#### ANEXO

#### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO SERVIZO DE PISCINA MUNICIPAL

##### ARTIGO 1 Fundamento e Natureza

Ó abeiro do previsto nos artigos 57 e 20. Epígrafes 1 e 4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, e de acordo co disposto nos artigos 15 a 19 do mencionado texto legal, este concello establece a taxa pola utilización do servizo de piscina municipal que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

##### ARTIGO 2 Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización da piscina municipal

##### ARTIGO 3 Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas que utilicen as instalacións da piscina municipal

##### ARTIGO 4 Beneficios Fiscais

Non se establece ningún tipo de beneficio fiscal máis ca os establecidos nunha norma de rango legal

##### ARTIGO 5 Cota Tributaria

A Contía da taxa determinarase aplicando as tarifas seguintes:

- Categoría Infantil e xuvenil ata 15 anos: 1,5 euros/día
- Categoría Senior de máis de 15 anos: 2,5 euros/día
- Abono tempada para categoría infantil e xuvenil : 30 euros
- Abono tempada para categoría Senior : 50 euros.

##### ARTIGO 6 Devengo

A taxa devengarase no momento en que se produza o feito imponible e a súa factura e cobro realizarase a entrada da piscina ou, nos casos dos carnés de tempada cando se obteñan os documentos expedidos polos servizos municipais

##### ARTIGO 7 Infraccións e Sancións

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto nos artigos 77 e seguintes da lei Xeral Tributaria e pola súa normativa de desenvolvemento

**DISPOSICIÓN FINAL**

A modificación da presenta Ordenanza fiscal aprobada polo pleno da corporación en sesión celebrada o 21/03/2024 entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos municipais e comezará a aplicarse a partir de dita data permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa

Cospeito, 21 de maio de 2024.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 1463

**GUITIRIZ***Anuncio*

Aprobados por Decreto da Alcaldía os padróns do 1º trimestre do ano 2024 correspondentes a auga, lixo, canon e sumidoiros, por medio do presente faise público que durante o prazo 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, quedan de manifesto nas oficinas do Concello de Guitiriz, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes padróns, poderán interpoñer con carácter preceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns de auga, lixo, canon e sumidoiros correspondentes ao primeiro trimestre do 2024, terá lugar dende o días **01/06/2024 ao 31/07/2024** (ambos incluídos).

O cobramento efectuarase nalgunha das seguintes modalidades:

- a) Mediante o sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos e que obren nesta Administración.
- b) Presencialmente en calquera oficina ou caixeiro de ABANCA co código xerado no recibo.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no citado artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, as débedas relativas á auga, lixo e sumidoiros faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles os recargos do período executivo e xuros de demora que correspondan, tal como se estipula nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e, se é o caso, os custos que se produzan.

Guitiriz, 15 de maio de 2024.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 1464

*Anuncio*

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón fiscal do servizo da Escola Municipal de Música correspondente ao segundo prazo do curso 2023/24, que comprende un total de 56 recibos por un importe de 2.950 euros.

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente Padrón, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ao do remate da exposición pública do correspondente Padrón.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo da Escola Municipal de Música correspondentes ao segundo prazo do curso 2023/24, terá lugar dende o día 01/06/2024 ao 01/08/2024 (ambos incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 14 de maio de 2024.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 1465

### Anuncio

Conforme o disposto nos artigos 41, 47 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público a efectos de coñecemento xeral e publicidade que a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 8 de Maio de 2024 acordou a aprobar o prezo público para o campamento de verán do Concello de Guitiriz coa seguinte tarifa: 190 euros pola actividade do campamento de verán.

Guitiriz, a 10 de maio de 2024.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 1375

## LUGO

### Anuncio

#### DECRETO

#### Excma. Alcaldesa - Presidenta do Concello de Lugo, Dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo

O programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sustentable do transporte urbano no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado a través do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana. código de proxecto 22xx00017 («NextGeneration EU»), outorgou unha axuda ao Concello de Lugo de 4.430.502,00.-€, aprobada pola Resolución da Secretaría General de Transportes y Movilidad, de concesión das axudas da primeira convocatoria do programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sustentable do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Orde Ministerial de data 20-05-2022). O programa é financiado pola Unión Europea a través dos fondos NextGeneration EU. A axuda é para a elaboración das seguintes actuacións:

- Peonalización entre a porta da muralla “Bispo Odoario” e Praza de Ferrol.
- Corazón verde entre murallas: Praza de Ferrol.
- Corazón verde entre murallas: Praza de Santo Domingo e Rúa Teatro.
- Medidas de posta en marcha e control da ZBE.

O Concello debe cofinanciar o orzamento restante, máis o 21% de IVE.

"Instruídos os tres expedientes referentes á execución das tres primeiras actuacións indicadas, que se corresponden coas tres obras de peonalización que actualmente se están executando.

Visto plan de tráfico asinado polo xefe de servizo de enxeñaría municipal, de data 21-05-2024, sobre unha nova de fase de obra da "Peatonalización entre la puerta de la muralla Bispo Odoario y Plaza de Ferrol".

Visto informe técnico asinado polas enxeñeiras municipais da unidade de seguimento dos contratos das obras indicadas, de data 21-05-2024, do seguinte teor literal:

**"INFORME SOBRE NECESIDAD DE RESTRICCIÓN DE CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS CON MASA MÁXIMA AUTORIZADA LIMITADA A 3500 KG. EN LOS ACCESOS DE LAS CALLES TEATRO Y MONTEVIDEO POR RAZÓN DE EJECUCIÓN DE OBRAS DE PEATONALIZACIÓN**

*Actualmente se están executando tres obras de peatonalización en el recinto amurallado de Lugo, en pleno centro histórico de la ciudad. Estas obras son:*

- *Peatonalización entre la puerta de la muralla Bispo Odoario y Plaza de Ferrol.*
- *Corazón verde entre murallas: Plaza de Ferrol.*
- *Corazón verde entre murallas: Santo Domingo y calle Teatro.*

*Los proyectos de las obras contemplan la pavimentación con losetas de granito de diferentes tipologías y espesores según se trate de zonas de tránsito exclusivamente peatonal, de zonas de paso de vehículos, zonas de carga y descarga o intersecciones donde se producen giros de vehículos.*

*Asimismo, cabe destacar que en los proyectos de las obras de Santo Domingo y de Plaza de Ferrol se contempla la necesidad de realizar un estudio estructural de los aparcamientos subterráneos existentes en ambas ubicaciones basados en las muestras extraídas de la catas a realizar, a fin de conocer la carga máxima que*

son capaces de soportar y, por tanto, si resulta posible el tránsito de vehículos encima del forjado de los mismos y su limitación de carga.

Desde la unidad de seguimiento de los contratos de las obras se pidió un informe al redactor de los tres proyectos acerca de la limitación de tonelaje permitido para el tránsito de vehículos en los pavimentos proyectados y en la superficie bajo la cual se sitúan los dos aparcamientos.

El 12 de febrero de 2024 se recibe informe de Proyestegal, empresa redactora de los tres proyectos y adjudicataria de la Dirección Facultativa de las dos primeras obras, firmado por D. Sergio Daniel Orosa López, Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos en virtud de Director de dos de las obras. En dicho informe se concluye de la siguiente manera:

“Tal y como se deduce de lo expuesto anteriormente, el paquete de firmes ha sido diseñado para soportar el tránsito de vehículos ligeros (turismos) de residentes o que acudan al parking subterráneo, o pequeñas furgonetas para carga y descarga, contemplándose el paso de 1 vehículo pesado a la hora, correspondiente a vehículos de limpieza, basuras y/o alguna línea de autobús (microbús), siempre que no se supere la carga de rotura indicada en proyecto.

La velocidad de circulación será como máximo de 20 km/h.

Los vehículos ligeros o pesados ocasionales, no deberán de transitar o aparcar sobre las zonas peatonales, además no deberán de realizar maniobras que no correspondan al tránsito de paso normal. Las zonas de giro serán las correspondientes a los cruces de calles, en las que la piedra es de espesor 14 cm.

Pese a ello, y dado que la condición más limitante es la capacidad de carga del aparcamiento de Plaza de Ferrol, se considera necesario extender la limitación de carga de 3.500 kg de MMA a todo el ámbito de los proyectos.”

Con el avance de las obras, en las que cada vez hay más superficie de pavimento de granito instalado, se hace necesario transitar sobre el mismo siempre que se continúe permitiendo el acceso con vehículos motorizados al centro histórico restringido con razón de las obras a: residentes, aparcamientos, carga y descarga, servicios y usuarios del hospital.

La obra de “Peatonalización entre la puerta de la muralla Bispo Odoario y Plaza de Ferrol” necesita un cambio de fase inmediato para el cual se prevé que los vehículos que accedan por Bispo Odoario lo hagan encima de la nueva pavimentación de granito instalada, saliendo por Quiroga Ballesteros y San Fernando, también encima del nuevo pavimento. Los vehículos que entren por Teatro saldrán por San Marcos-Bolaño Rivadeneira-Quiroga Ballesteros-San Fernando, encima del nuevo pavimento en alguna zona. La Rúa Nova quedará de esta forma libre de tráfico (excepto residentes), pudiendo ser utilizada por los vehículos de obra de entrada y salida hacia la Ronda Muralla. A medida que avancen las obras, los planes de tráfico continuarán cambiando pero, en cualquier caso se prevé que sea necesario ir sirviéndose de la nueva pavimentación para poder transitar, cada vez en mayor superficie. Además, se prevé que en próximas fases de obra sea necesario transitar en Plaza de Ferrol por encima de la superficie coincidente con el aparcamiento subterráneo.

Por lo anteriormente expuesto, en aras de la protección de los pavimentos recientemente ejecutados mientras se ejecuten las obras y de preservar la superficie ocupada por los aparcamientos subterráneos existentes, se propone:

- Restringir el acceso de vehículos con masa máxima autorizada superior a 3500 kg en las puertas de la muralla Bispo Odoario (entrada hacia calle Montevideo) y Porta da Estación (entrada hacia calle Teatro) mientras dure la ejecución de las obras, sin perjuicio de las autorizaciones puntuales que pueda conceder el servicio municipal correspondiente para el paso de vehículos de m.m.a. superior, en caso de resultar necesario.

Señalización propuesta para las entradas Ronda Muralla-Bispo Odoario y Ronda Muralla-Teatro:

**R-201 con leyenda de 3.5 t “EXCEPTO VEHÍCULOS AUTORIZADOS”**

**R-307 en panel con leyenda “en todo el casco amurallado, excepto zonas expresamente habilitadas”.**

**R-100 con leyenda “excepto residentes, aparcamientos, carga y descarga y hospital”, en la entrada de Porta Bispo Odoario.**

**R-100 con leyenda “excepto residentes, aparcamientos, carga y descarga” en la entrada de Porta da Estación.**

- Exceptuar de esa restricción a los vehículos que sirvan la obra de “Corazón verde entre murallas: Santo Domingo y calle Teatro” (empresa adjudicataria Contratas Vilor, NIF B27400626) y a aquellos otros autorizados por el servicio municipal correspondiente, permitiéndoles realizar la entrada y salida de su obra por la calle Teatro hacia la Ronda Muralla utilizando el carril que no está pavimentado de granito. Es decir, los vehículos que acrediten servir a esta obra estarán autorizados a entrar por la calle Teatro aun superando la m.m.a. de 3500 kg. Serán los únicos vehículos que realizan la salida por la calle Teatro hacia la Ronda Muralla momentáneamente, siguiendo la regulación semafórica existente, sin perjuicio de las autorizaciones puntuales que puedan realizarse por el servicio municipal competente según lo establecido en el Plan de Tráfico correspondiente.
- Permitir la entrada y salida desde la Ronda de la Muralla hacia la Rúa Nova de los vehículos que sirvan la obra de “Peatonalización entre la puerta de la muralla Bispo Odoario y Plaza de Ferrol” (empresa

*adjudicataria Xestión Ambiental de Contratas, NIF B36746584) teniendo en cuenta que esa calle quedará libre de tráfico, excepto residentes. Teniendo en cuenta el ancho reducido de la calle, las entradas y salidas deberán realizarse, bajo responsabilidad de la empresa adjudicataria, de forma alternativa vigilando en todo momento si existe la presencia de algún otro vehículo en dirección contraria y cediéndole el paso en caso de peligro.*

*Señalización propuesta en Ronda Muralla-Rúa Nova:*

**R-101 con leyenda “EXCEPTO VEHÍCULOS AUTORIZADOS DE OBRA”**

- Establecer los siguientes itinerarios a seguir por cada usuario, según el lugar de acceso al centro histórico:
- Teatro, Santo Domingo, San Marcos, Bolaño Rivadeneira, Quiroga Ballesteros, San Froilán, San Fernando y Ronda Muralla (excepto camiones de obra de Santo Domingo que deberán salir de nuevo por rúa Teatro, así como los vehículos que puedan dirigirse al aparcamiento de Plaza de Ferrol que accederán desde la calle San Marcos).
- Montevideo, Bolaño Rivadeneira, Quiroga Ballesteros, San Froilán, San Fernando y Ronda Muralla (excepto residentes en Rúa Nova, que accederán desde Montevideo y saldrán por San Froilán y San Fernando hacia la Ronda Muralla).

*Es cuanto cabe informar.”*

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.-** Restringir ou acceso de vehículos con masa máxima autorizada superior a 3500 kg nas portas da muralla Bispo Odoario (entrada cara rúa Montevideo) e Porta da Estación (entrada cara rúa Teatro) mentres dure a execución das obras, sen prexuízo das autorizacións puntuais que poida conceder ou servizo municipal correspondente para o paso de vehículos de m.m.a. superior, en caso de resultar preciso.

Sinalización proposta para as entradas Rolda Muralla-Bispo Odoario e Rolda Muralla-Teatro:

**R-201 con lenda de 3.5 t “EXCEPTO VEHÍCULOS AUTORIZADOS”**

**R-307 en panel con lenda “en todo o casco amurallado, excepto zonas expresamente habilitadas” .**

**R-100 con lenda “excepto residentes, aparcadoiros, carga e descarga e hospital”, na entrada de Porta Bispo Odoario. R-100 con lenda “excepto residentes, aparcadoiros, carga e descarga” na entrada de Porta da Estación.**

**SEGUNDO** Exceptuar desa restricción aos vehículos que sirvan a obra de “Corazón verde entre murallas: Santo Domingo e cale Teatro” (empresa adxudicataria Contratas Vilor, NIF B27400626) e a aqueles outros autorizados polo servizo municipal correspondente, permitíndolles realizar a entrada e saída da súa obra por rúa Teatro cara a Rolda da Muralla utilizando o carril que non está pavimentado de granito. É dicir, os vehículos que acrediten servir a esta obra estarán autorizados a entrar por rúa Teatro aínda superando a m.m.a. de 3500 kg. Serán os únicos vehículos que realizan a saída por rúa Teatro cara a Rolda da Muralla momentaneamente, seguindo a regulación semafórica existente, sen prexuízo das autorizacións puntuais que poidan realizarse polo servizo municipal competente segundo o establecido no Plan de Tráfico correspondente.

**TERCEIRO.-** Permitir a entrada e saída desde a Rolda da Muralla cara a Rúa Nova dos vehículos que sirvan a obra de “Peonalización entre a porta da muralla Bispo Odoario e Praza de Ferrol” (empresa adxudicataria Xestión Ambiental de Contratas, NIF B36746584) tendo en conta que esa rúa quedará libre de tráfico, excepto residentes. Tendo en conta o ancho reducido da rúa, as entradas e saídas deberán realizarse, baixo responsabilidade da empresa adxudicataria, de forma alternativa vixiando en todo momento se existe a presenza dalgún outro vehículo en dirección contraria e cedéndolle o paso en caso de perigo.

Sinalización proposta en Rolda Muralla-Rúa Nova:

**R-101 con lenda “EXCEPTO VEHÍCULOS AUTORIZADOS DE OBRA”**

**CUARTO.-** Establecer os seguintes itinerarios a seguir por cada usuario, segundo o lugar de acceso ao centro histórico:

- Teatro, Santo Domingo, San Marcos, Bolaño Rivadeneira, Quiroga Ballesteros, San Froilán, San Fernando e Rolda Muralla (excepto camiões de obra de Santo Domingo que deberán saír de novo por rúa Teatro, así como os vehículos que poidan dirixirse ao aparcadoiro de Praza de Ferrol que accederán desde rúa San Marcos).
- Montevideo, Bolaño Rivadeneira, Quiroga Ballesteros, San Froilán, San Fernando e Rolda Muralla (excepto residentes en Rúa Nova, que accederán desde Montevideo e sairán por San Froilán e San Fernando cara a Rolda da Muralla).

**QUINTO.-** A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, deberáselles notificar ás/aos interesadas/os e contra ela pódense interpoñer os seguintes recursos:

Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ao da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Ley 29/1998, do

13 de xullo, reguladora de la Jurisdicción Contencioso Administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 e 124 da Ley 39/2015, do 01 de outubro, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, ante a Alcaldía ou a Xunta de Gobierno Local (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Gobierno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123.2 da Ley 39/2015, do 01 de outubro, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas).

Así mesmo, déase traslado ás dependencias e aos servizos municipais afectados.

Cúmprase.

Lugo, 21 de maio de 2024.- O tenente de Alcalde Delegado de Mobilidade e Infraestrutura Urbana, Rubén Arroxo Fernández.

R. 1470

---

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN DE TRES PRAZAS DE OPERARIOS DE SERVIZOS MÚLTIPLES DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, NO MARCO DO PROGRAMA DE FOMENTO DE EMPREGO 2024, FINANCIADO POLA EXCELENTISIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Por acordo da Xunta de Gobierno Local de data 20 de maio do 2024, aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de ([www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)).

A presentación das solicitudes farase no rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases poden ser consultadas na web municipal ([www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 24 de maio de 2024.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 1471

---

### *Anuncio*

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN DE TRES PRAZAS AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, NO MARCO DO PROGRAMA DE FOMENTO DE EMPREGO 2024, FINANCIADO POLA EXCELENTISIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Por acordo da Xunta de Gobierno Local de data 20 de maio do 2024, aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de ([www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)).

A presentación das solicitudes farase no rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de DEZ (10) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases poden ser consultadas na web municipal ([www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 24 de maio de 2024.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 1472

## VILALBA

### Anuncio

**Expediente: 2561/2024**

#### **Adxudicación da concesión administrativa do uso privativo de bens de dominio público para utilización e explotación de diversos postos no mercado municipal**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vilalba, en sesión celebrada en data 22 de maio de 2024, acordaba, por unanimidade dos asistentes, aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que han de rexer a adxudicación mediante procedemento aberto da concesión demanial para o uso privativo de postos vacantes no mercado municipal, co literal “ut infra”:

Vilaba, 22 de maio de 2024.- A Alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

#### **PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HAN DE REXER A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DA CONCESIÓN DEMANIAL PARA O USO PRIVATIVO DE POSTOS VACANTES NO MERCADO MUNICIPAL DE VILALBA (LUGO). EXPEDIENTE NÚMERO 2561/2024.**

##### **Primeira. Obxecto.-**

É obxecto do presente prego o establecemento das condicións que han de rexer, con arranxo ao artigo 80 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, a concesión do uso privativo dos postos do Mercado Municipal de Vilalba (Lugo) que a continuación se relacionan, en actual situación de vacantes, que deberán ser destinados polos adxudicatarios á venda, exposición e depósito de artigos, de acordo co establecido no Regulamento do Mercado Municipal de Vilalba, aprobado polo Pleno do Concello de Vilalba en sesión do 30 de xaneiro de 2015 e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 13 de abril de 2015.

Número de posto	Superficie (metros cuadrados)
2	13,17
3	17,26
4	41,43

Na documentación da licitación figura un plano da planta do Mercado Municipal de Vilalba-Lugo, coa localización concreta de cada un dos postos vacantes que se licitan.

##### **Segunda. Destino.-**

Nos postos do Mercado Municipal poderanse vender, expoñer e depositar produtos alimenticios para o consumo propios das seguintes actividades: carnicerías, pollerías, casquerías, hueverías, peixarías, charcuterías, salgaduras, conxelados, froitos secos, verdulerías, panadería-bolería, confeitaría, encurtidos e herbolarios. Tamén se poderá autorizar a venda doutros produtos que non sendo alimenticios satisfagan as necesidades da poboación, tal como: droguería, enxoval, artigos de agasallo, florería, roupa, calzado, marroquinería, marquetería e outros de natureza análoga.

##### **Terceira. Natureza e réxime xurídico.-**

A concesión que se formalice terá natureza administrativa, e consiste no uso privativo e normal de dominio público. Rexeráse polas cláusulas recollidas neste prego, polo disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; no Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; na Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas; no Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais; na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, no Regulamento do Mercado Municipal de Vilalba e demais disposicións legais e regulamentarias vixentes que lle sexan de aplicación. A concesión ten a consideración de transmisión patrimonial e como tal atópase suxeita ao Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, cuxo texto refundido aprobouse polo Real Decreto Lexislativo 1/1993, do 24 de setembro.

##### **Cuarta. Procedemento e forma de adxudicación.-**

A adxudicación efectuarase mediante procedemento aberto, efectuándose á persoa que resulte do sorteo que para ese efecto se realice, en aplicación do previsto no artigo 10 do Regulamento do Mercado Municipal de

Vilalba, sendo a filosofía do procedemento incoado a de promover a ocupación dos postos de venda, non considerando oportuno fixar un tipo económico de licitación á alza, e non existindo circunstancias obxectivas que permitan diferenciar entre os posibles licitadores.

#### **Quinta. Réxime económico.-**

A explotación da porción de dominio público será a risco e ventura do autorizado, sen que o Concello asuma responsabilidade algunha derivada da devandita explotación.

Co obxecto de favorecer o dinamismo da economía local e ofrecer ós usuarios do mercado de abastos unha pluralidade de servizos comerciais mediante unha actividade continuada, o adxudicatario non terá que satisfacer a este Concello canon pola concesión do posto.

O adxudicatario terá que satisfacer a este Concello o importe que corresponda pola taxa por ocupación privativa do dominio público local ou prestación do servizo de mercados, na contía establecida en cada momento pola correspondente ordenanza fiscal.

#### **Sexta. Prazo da concesión.-**

A concesión demanial será outorgada por un prazo de dez anos, que comezará a contarse desde a data en que se formalice a concesión en documento administrativo. Transcorrido o prazo inicial de dez anos de duración, admitirase unha prórroga doutros dez anos, a cal ten que ser acordada de forma expresa polo órgano de contratación con anterioridade á expiración do prazo inicial da concesión.

Finalizada a duración da concesión ou, no seu caso, da prórroga, procederase a unha nova licitación para a súa adxudicación, de conformidade co Regulamento do Mercado Municipal de Vilalba.

Transcorrido o prazo da concesión, os postos de venda consideraranse vacantes e os comerciantes que no momento ostenten a concesión deixarán libre o espazo obxecto da mesma, retirando os seus xéneros e enseres, e, se non o fixeran, procederase á execución subsidiaria por este Concello, que poderá acordar e executar o lanzamento por vía administrativa, e os elementos, mercadorías, enseres, etc. que permanezan no posto de venda quedarán en propiedade municipal, que poderá dispoñer deles libremente. A permanencia no uso privativo do dominio público transcorrido o prazo da concesión non conferirá dereito algún ao concesionario, que ocupará o dominio público por mera tolerancia.

#### **Sétima. Prohibicións para ser titular de concesións demaniales. Capacidade.-**

